

Llengua i cultura catalana a la Universitat de Vigo (Vigo, del 5 al 7 de juliol de 2000).

—Os días 5, 6 e 7 de xullo de 2000 celebrouse na Univ. de Vigo o curso de extensión universitaria Lingua e Cultura Catalanas, dirixido polos profesores titulares desa Universidade Xosé Henrique Costas (da área de Filoloxías Galega e Portuguesa e director do Dpto. de Filoloxía Galega e Clásica) e Xavier Gómez Guinovart (da área de Lingüística Xeral).

O curso ía dirixido ás persoas interesadas pola lingua e a cultura catalana contemporánea en calquera das súas vertentes. Nos contidos do curso procurouse facer un achegamento á situación desa lingua e desa cultura desde perspectivas tan distintas como a dialectoloxía social e as tecnoloxías da lingua, a creación literaria e o xornalismo, a cultura popular e a socioloxía da identidade, así como a traducción do catalán ó galego.

Houbo seis conferencias a cargo de especialistas en cada un dos contidos do programa, case todos eles profesores e investigadores de Universidades catalanas. O mércores 5 o mestre da actual dialectoloxía catalana Joan Veny (Univ. de Barcelona) disertou sobre a formación do catalán e o actual catalán estándar, mentres que Joaquim Llisterri (Univ. Autónoma de Barcelona e Centro de Referencia en Enxeñería Lingüística da Generalitat) tratou o tema do catalán nas industrias da lingua.

O xoves 6 Montserrat Palau (Univ. Rovira i Virgili) falou da literatura catalana contemporánea e Xavier Rodríguez Baixeras (Profesor do I. B. Castelao de Vigo) analizou os problemas da traducción literaria entre o catalán e o galego. Baixeras, poeta en lingua galega, é autor da edición bilingüe catalán *Trece poetas cataláns* (1995) á vez que traductor da obra de Pere Calders.

O venres 7 Josep Bargalló (Univ. Ramon Llull) tratou o tema da cultura popular catalana e Josep Faulí (Univ. Pompeu Fabra) encargouse da análise da prensa en catalán. O curso fechouse cunha mesa redonda sobre lingua, cultura e identidade(s).

O devandito curso asistiron 70 persoas, fundamentalmente alumnos de Filoloxía Galega, Filoloxía Inglesa, Traducción e Interpretación, Dereito e Económicas da Univ. de Vigo, ademais dalgúns mestres e profesores non universitarios. Tendo en conta que nesta Univ. non hai ningún ensino de catalán (agás un apartado na optativa Linguas Románicas Minorizadas que imparte o propio Henrique Costas), para os organizadores o curso Lingua e Cultura Catalanas constituíu un éxito sen precedentes pola excelente matrícula e tamén polo feito de que na quenda de intervencións posterior ás conferencias e á mesa redonda, os diálogos entre os participantes convidados e o auditorio practicamente se fixo en catalán e galego, empregando cadaquén o seu idioma sen recorrer ó castelán como suposta «lingua franca». [F. F. R.]